

# OS RETOS DO XÉNERO DE OURO DA EDICIÓN EN GALICIA

UNS NARRAN, ALGÚNS ILUSTRAN, OUTROS EDITAN... MESMO HAI QUEN DOMINA VARIAS ARTES A UN TEMPO. SON O CELME DA ESCRITA QUE FAI SOÑAR AOS NENOS PARA ABRIRLLES AS XANELAS DO MELLOR DOS MUNDOS

Nos seus ollos vive o neno que todos levamos dentro, pero eles saben como facelo xogar para que os empurre a entrar na imaxinación dos pequenos reis da casa. Agora que é tempo de Nadal, e que pese á crise os magos de Oriente visitarán os fogares galegos, é tamén tempo de contos. Culturas reuniu o pasado día 13 na Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre a dez creadores de literatura infantil e xuvenil galega: Xosé Ballesteros, editor de Kalandraka; os escritores Marcos Calveiro, Concha Blanco, María Canosa e Manuel Guisande; o narrador e debuxante Jacobo Fernández; as ilustradoras Noemí López e Patricia Castelao; e o tándem creativo Pinto & Chinto (David Pintor e Carlos López).

Xuntos, á calor dun pesebre, todos referendaron que este é un sector estratéxico na produción literaria do país, que move ao redor do 20% das vendas de libros en Galicia. Tamén todos a unha insistiron na importancia dun fermoso oficio no que hai que poñer o mellor porque ten como destinatarios a aqueles que van ser o futuro.

## XERACIÓN DE REFERENCIA

Aproveitando a presenza da escritora Concha Blanco, antes de que avance a conversa, todos inciden en expresar a débeda que os creadores de hoxe teñen cunha xeración que hai máis de 30 anos loitou en galego por abrir unha fenda de luz na produción escrita para nenos. Refírense á propia Concha («escribín para os meus alumnos porque tiñan a necesidade de ver na súa lingua plasmadas as súas propias historias»), pero tamén a Fina Casallerrey, Agustín Fernández Paz, Xabier Docampo, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xoán Babarro..., autores que levaron a cabo unha verdadeira renovación pedagóxica.

«Xente, como explica Fina Casallerrey —quen amablemente se suma a este encontro por teléfono—, que viviu a ditadura en directo e que foi escolarizada só en castelán». Porque a literatura infantil e xuvenil (LIX) está desde

os seus comezos moi pegada á escola, algo que todos estes creadores asumen con orgullo, «pois non se pode vivir sen literatura no ensino», engade Jacobo Fernández, «como tampouco —conclúe Ballesteros— podemos esquecer que esta literatura ten unha débeda grande co profesorado». Un colectivo que, xunto cos bibliotecarios, conforma, ademais da familia, o verdadeiro pulo para que os nenos aloumiñen o libro.

## «TODO SOPORTE É ÚTIL»

O texto en papel é un tesouro que está inserido nun contexto de nebulosa, nunha indefinición física e de cambio de paradigma, coa aparición das novas tecnoloxías, e que os ilustradores viven coma un verdadeiro reto. Polo menos así o ve Patricia Castelao: «Todo soporte é útil para nós. Temos que buscar todas as maneiras posibles para achegarnos á xente, aos nenos. Os tempos cambian moi rápido e hai que adaptarse si ou si».

Por iso cando Manuel Guisande, provocador, achega na conversa que os nenos de agora, faltos de imaxinación, están supeditados «ás maquiniñas», o resto dos participantes estoupaban nun clamor á contra que lidera Calveiro: «Non é contradictorio o libro co videoxogo, e, ollo, hai videoxogos que son un produto narrativo excepcional. Ademais co e-book todo isto confluirá, crearase un novo xénero: o soporte visual e narrativo».

Fina Casallerrey ve tamén en Internet unha oportunidade, tendo en conta que «pola Rede circulan historias anónimas deliciosas, nunha volta a aquela literatura oral que salvagardou a narración». Porque aos nenos pódeseles contar todo, aínda que, é certo, adaptado a súa comprensión.

## «ISTO NON É ARTE MENOR»

Por iso non todos están de acordo en acollerse como creadores a esa etiqueta de literatura infantil e xuvenil, que abrangue universos tan diferentes. «É —explica Ballesteros— unha categoría que funciona a nivel literario, como a novela policíaca, ou a de non



«**Hai que adaptarse aos novos tempos. Temos que buscar todas as formas de achegarnos aos nenos»**

**Patricia Castelao**  
Ilustradora

ficción, unha denominación que comprende todas as idades ata que o neno deixa o ensino». Pero Marcos Calveiro é crítico ao respecto: «Eu fago literatura, logo que o editor me meta nun saco ou noutro tanto me ten. No mundo anglosaxón isto non existe».

O certo é que en nada se parece un libro de prelectores ou lectores iniciais a unha novela xuvenil, e todos son conscientes desa diferenza, tamén os ilustradores que, como subliña Noemí López, foron considerados moitos anos «unha arte menor». «Pero nós —reivindicamos— somos narradores, narramos con debuxos, poñemos un ritmo determinado en función do texto, como quen compón unha música».

Todos sufriron nalgún momento

«**Os ilustradores non somos unha arte menor. Narramos con debuxos, poñemos ritmo, como os compositores»**

**Noemí López**  
Ilustradora

esa minusvaloración, tamén os autores, algo que Casallerrey non necesita xustificar: «Do que estou segura é de que escribir para nenos non me fai sentir mutilada, como se me faltase algo para ser escritora».

Esa suposta eiva ratifícase con cifras, nun mercado cada vez máis puxante no que as traducións de autores galegos neste eido teñen cada vez máis éxito. «É increíble con todo —subliña David Pintor— a desproporción entre a calidade da xente de aquí e a súa proxección fóra. Hai canteira e xente moi válida, e cando vas por aí ás feiras internacionais, pensas que perdemos a moitos no camiño por non explorar máis o mercado. Habería que facer unha industria máis forte e non reducirnos a pequenas





## UN SECTOR QUE SUPÓN O 15% DA RECADACIÓN DOS SELOS EDITORIAIS

Os datos non son un conto. E aquí están algúns dos máis importantes relativos ao ámbito da literatura infantil e xuvenil *made in Galicia*: entre un 15 e un 18% da recadación das editoriais galegas procede de libros para rapaces e adolescentes escritos nesta lingua, un eido no que a edición de títulos supera os cincocentos ao ano, fronte aos 240 de literatura para adultos. Son datos recentes que achegan os estudos do Comercio Interior do Libro e nos que incide o presidente da Asociación Galega de Editores, Manuel Bragado. O tamén director de Edicións Xerais dende 1994 non dubida en aseverar que «a literatura infantil é o xénero de ouro da edición en galego».

Este sector é cualificado como estratéxico para a formación de lectores críticos que saiban escoller as súas lecturas, moverse con criterio no variopinto mundo dos libros e «discriminar o gran da palla», en palabras do voceiro do gremio de editores, quen non quere deixar pasar a ocasión de advertir o traballo que levan facendo dende hai máis de trinta anos en Galicia selos como Galaxia e Xerais, que lanza na súa colección Merlín uns 210 títulos anuais para rapaces e acada con estes libros unhas vendas que roldan os 40.000 ou mesmo os 50.000 exemplares.

Ás casas máis veteranas da edición galega súmanse iniciativas que se dedican en exclusiva ao público máis esixente e á vez agradecido da casa, como Kalandraka ou Oqo. Ambos selos, cunha forte presenza nas feiras intencionais, ás que mesmo acoden con posto propio, están centrados na publicación de álbums ilustrados, un formato que supuxo unha renovación notable no eido da literatura para o público infantil.

Outra das fortalezas dos libros para nenos está na tradución, pois, segundo apunta o editor Xosé Ballesteros, un dos fundadores de Kalandraka, «non todo o que se produce en literatura galega está feito en Galicia», e en total pode haber arredor dun 25% de tradución nos dous sentidos, de galego a outros idiomas e á inversa. «Do que máis se traduce en Galicia é literatura infantil e xuvenil. Fina Casalderrey, An Alfaya, Fernández Paz...», achega Marcos Calveiro.

En definitiva, «é un xénero que privilexiamos entre todos —sублиña Manuel Bragado—, creadores, editores, centros educativos e Administracións públicas, con iniciativas como o plan de mellora das bibliotecas escolares». Todo conduce a ser optimista, di o editor, respecto ao horizonte dunha literatura que ten «a responsabilidade de formar criterio literario». Un grande reto ante os novos soportes dixitais.

«**A revolución destes últimos anos prodúcese co álbum ilustrado, no que escritor e ilustrador son coautores**»

**Xosé Ballesteros**  
Editor de Kalandraka

tiraxes, e entre todos intentar que todo este potencial de creatividade triúne realmente fóra».

### FACER FORTE O MERCADO

«As institucións —replica Ballesteros, editor de Kalandraka— teñen que buscar mecanismos para chegar a estes mercados, porque somos unha area dentro dun enorme mar. Nós cando nacemos como editorial xa fixemos esa reflexión, ¿por qué non dar o salto o revés, de dentro a fóra? Pero para outras editoriais o mercado morre aquí».

Porén, afirma Noemí López, «cómpre desbotar, cando estás creando, a parte do negocio e a maraña dos dereitos», e buscar a conexión para que flúa a maxia a catro mans, esa fluidez creati-

«**É increíble a desproporción entre a calidade da xente de aquí e a súa proxección fóra. Hai unha boa canteira**»

**David Pintor**  
Ilustrador

va entre autor e creador tan ben representada en Pinto & Chinto: «Eu son moi puntilloso cando estou facendo un libro, e gústame que David me diga sempre a súa opinión, pero el traballa sempre co seu propio espazo», matiza Carlos López. Neste sentido, María Canosa reafirma a importancia de que debuxante e escritor se respecten mutuamente: «Os autores entendemos que hai que darlles liberdade aos ilustradores, igual que nos gusta a nós tela».

«En realidade —sentenza Ballesteros— a única revolución que se produce na literatura infantil e xuvenil nos últimos anos é a aparición do álbum ilustrado, no que por fin autor e ilustrador son coautores. Os ilustradores teñen tanto dereito a decidir como que-

«**Empecei a escribir para os meus alumnos, que tiñan a necesidade de ver na súa lingua plasmadas as súas historias**»

**Concha Blanco**  
Escritora

ren o libro como os escritores; isto é moi novo, e en Galicia si que estamos ao mesmo nivel que Cataluña ou Levante».

O acerto de combinación de letras e imaxes é fundamental de cara aos rapaces, un público hipercrítico que non deixa pasar o mínimo erro. «A min —di Concha Blanco— encántame poñer en común con eles as historias, porque sempre te sorprenden coa súa visión».

A conversa remata, pero coa clarividencia de que en Galicia hai un pulo intelectual que vertebra a todo un grupo de creadores, pese as súas diferenzas. Eles traballan ao xeito dos trasnos que singularizan ás nosas letras, engraxando a maquinaria que fai posible o proceso da fabricación do libro.

De esquerda a dereita, comezando pola fila de atrás, Xosé Ballesteros, diante de Jacobo Fernández; Concha Blanco, María Canosa, Patricia Castela, Noemí López, David Pintor, Marcos Calveiro, Carlos López e Manuel Guisande

**A literatura infantil move ao redor do 20% das vendas e a maior parte das traducións de autores galegos**

**Todos os creadores ven a afouteza dos novos soportes que están a xerar mesmo un novo xénero**



# A CREATIVIDADE TEN VARIAS CARAS

DETRÁS DAS CÁMARAS QUE ALENTAN A RODAXE DA IMAXINACIÓN, TRABALLAN MOITAS PERSOAS, UNHA DIVERSIDADE DE TALENTOS CUN OBXECTIVO COMÚN: CONTAR UNHA HISTORIA

No *backstage* do escenario no que se move a ficción que engaiola aos rapaces traballa moita xente, tanta que non era posible convocala toda para este encontro. Os creadores que asistiron á cita de La Voz o pasado día 13 son só unha pequena mostra dun abano hete-

roxéneo de talentos que traballan co obxectivo común de contar contos, e contalos de xeito que poidan atraer a varias xeracións da familia. Esta diversidade de creadores reforza a súa unión con iniciativas como o Salón do Libro Infantil de Pontevedra e baixo o

paraugas de asociacións como Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), que vén de designar novo presidente a Francisco Castro, narrador e responsable da área infantil e xuvenil da editorial Galaxia. Os ilustradores, que defenden a calidade da imaxe

como outro modo ou formato de narración, teñen o seu colectivo na AGPI (Asociación Galega de Profesionais da Ilustración). Escritores, debuxantes e editores están polo mesmo: espremer o potencial do conto galego.

**A. Abelenda / S. Faginas**

**MARÍA CANOSA**



**ESCRITORA EN BUSCA DE SOÑOS**

María Canosa (Cee, 1978) escribe para soñar e soña para vivir. Iso revela a autora na súa autobiografía en rede da Biblioteca Virtual Galega. Acaba de lanzar na editorial Galaxia «Matías, un pito de campionato».

**XOSÉ BALLESTEROS**



**UN DOS FUNDADORES DO SELO KALANDRAKA**

Escritor e especialista en literatura infantil, Xosé Ballesteros (Vigo, 1956) é o editor dos «libros para soñar» que publica Kalandraka, selo con gran presenza internacional. Tamén imparte clases de escrita creativa.

**DAVID PINTOR**



**CREADOR DE CIDADES QUE VOAN NO PAPEL**

David Pintor (A Coruña, 1975), membro do tándem Pinto & Chinto desde hai xa 17 anos, é coautor dos «Contos para nenos que dormen deseguida», imaxinación posta en papel a medias coas letras de Carlos López.


**CONCHA BLANCO**



**UN DOS REFERENTES DA LITERATURA INFANTIL**

Profesora de Lingua e Literatura Galegas, Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) é autora de títulos como «¿Andrómenas?», «A bruxiña da sorte» ou «Encontros ás agachadas», este último ilustrado por David Pintor.

**NOEMÍ LÓPEZ**



**UNHA ILUSTRADORA DE PRIMEIRA PLANA**

A lucense Noemí López Vázquez (1974) foi quen de trocar en imaxes relatos como «Podesvir», de Fina Casalderrey, ou «A viaxe a Compostela de Renato Ratoní», de Neira Cruz. O cartelismo é outro dos fortes desta deseñadora.

**MANUEL GUISANDE**



**UN CONTACONTOS PARA AS SÚAS FILLAS**

O periodista Manuel Guisande (Santiago, 1958) é o creador da serie protagonizada por Rodribico, un feixe de contos ilustrados por Xosé Tomás que xurdiron nas noites nas que contaba contos ás súas fillas.

**PATRICIA CASTELAO**



**IMAXINACIÓN EN MOVEMENTO**

«Ilustrar é unha forma de contar historias», segundo esta «freelance». Patricia Castelao (A Estrada, 1974) participou na preproducción de «O soño dunha noite de San Xoán» e ilustrou «O sombreiro chichiriteiro», de Manuel Rivas.


**JACOBO FERNÁNDEZ**



**LETRAS E IMAXES DA MESMA MAN**

Escribe e debuxa. Esa é a carta de presentación que amosa no seu blog. Jacobo Fernández (Vigo, 1971) gañou o Premio Merlín 2009 con «Mil cousas poden pasar», un relato de aventuras nun mundo fantástico.

**MARCOS CALVEIRO**



**UN AUTOR QUE REXEITA AS ETIQUETAS**

Autor do «Carteiro de Karrada», premio nacional da Crítica, Marcos Calveiro (Vilagarcía, 1968) adoita comezar ás historias polo final. O ano pasado acadou o Lazarillo de Literatura Xuvenil con «O pintor do sombreiro de malvas».

**CARLOS LÓPEZ**



**UN POETA QUE APOSTA POLA IRONÍA MÁIS DOCE**

A parte máis reflexiva de Pinto & Chinto, Carlos López (Boimorto, 1967), acadou o Merlín 2007 con «Minimaladas», sesenta historias mínimas ilustradas por David Pintor que amosan que a poesía e o humor casan de conto.